

**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO.**

**Exp. 4507/2024**

**1. OBXECTO.**

O obxecto destas bases é o outorgamento de autorizacións para a instalación de postos no *Campo da Feira Vello* durante a **LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN**, que se celebrará o vindeiro día 23 de febreiro de 2025.

A Feira do Cocido foi declarada, no ano 1999, “Festa de Interese Turístico de Galicia”, no ano 2010, “Festa de Interese Turístico Nacional” e no ano 2020 “Festa de Interese Turístico Internacional”. Este recoñecemento pon de manifesto a extraordinaria difusión da cal goza este evento na actualidade, un evento que atrae cada ano a máis visitantes e que inclúe unha grande variedade de actividades gastronómicas, lúdicas e festivas. Dentro desta oferta de actividades unha das máis tradicionais é a instalación, no Campo da Feira Vello, dun mercado de postos de venda de produtos cárnicos, propios do cocido, e de artesanía.

Na vindeira edición da Feira do Cocido, a número LVIIª, preténdese manter o formato implantado na edición de 2016 para o mercado tradicional colocando unha carpa que permita unha utilización máis racional do espazo e garantindo unha mellor accesibilidade, confortabilidade e seguridade.

A carpa situarase na zona central do Campo da Feira, separada dos edificios que delimitan o campo, ofrecendo unha imaxe ordenada, aberta e limpa. O espazo libre circundante empregarase como zona de paseo e perímetro de seguridade.

**2.- TIPOLOXÍA DOS POSTOS.**

O Proxecto de Feira establece dous tipos de postos:

**1º/ Postos interiores.** Colocarase no interior da carpa e destinaranse exclusivamente a un “uso comercial”, que incluírá as seguintes actividades comerciais: venda de produtos de alimentación (produtos cárnicos, produtos frescos de horta, pan e doces, queixos, mel etc), venda de artesanía, venda de produtos industriais singulares producidos por pequenos talleres.

**2º/ Postos tradicionais de polbo.** Colocarase nos lugares habituais, autorizados previamente polo Concello. Estes postos adicarase exclusivamente á venda de polbo. Son postos de polbo que se colocarán a fin de semana da Feira do Cocido en varias rúas de Lalín. Os titulares habituais destes postos poderán solicitar a súa instalación no lugar habitual pero para todo o fin de semana da Feira do Cocido.



### 3. MODALIDADE, TAXA E SITUACIÓN.

As autorizacións para a utilización privativa do dominio público municipal por instalación de postos outorgaranse despois do procedemento que será convocado polo órgano competente do Concello mediante procedemento aberto.

O prezo ou canon que os titulares das autorizacións para a ocupación do terreo municipal están obrigados a satisfacer, constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de taxa e por obxecto compensar ao Concello pola utilización privativa do dominio público por parte dos beneficiarios da autorización.

Os prezos e dimensións dos postos que se recollen no Proxecto de Feira elaborado polo Arquitecto Técnico Municipal, con data de 25 de novembro de 2024, están determinados de conformidade co establecido no Anexo á Ordenanza Fiscal núm. 12 do Concello de Lalín en relación coas Festas Patronais de Lalín e Feira do Cocido.

O Proxecto de Feira establece os seguintes tipos de postos e o prezo mínimo por posto:

TIPO DE POSTO	PREZO mínimo por posto.
Postos interiores	67,86 €
Postos tradicionais de polbo (bares ou similares)	61,56 €

**Os prezos poderán ser mellorados á alza polos solicitantes.**

### 4.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN.

#### 1º Postos interiores.

A montaxe dos postos levarase a cabo os días 20 e 21 de febreiro de 2025, debendo quedar completamente montados ás 00:00 horas do día 22 de febreiro de 2025.

Os postos permanecerán, como máximo, na carpa ata as 00:00 horas do día 24 de febreiro de 2025 e desenvolverán a actividade comercial os días 22 e 23 de febreiro de 2025.

A desmontaxe dos postos levarase a cabo tras o peche da feira (ás 20:00 horas), debendo quedar a carpa libre ás 00:00 horas do día 24 de febreiro de 2025.

#### 2º Postos tradicionais de polbo.

A montaxe dos postos levarase a cabo o día 22 de febreiro de 2025, entre as 6:00 e as 9:00 horas. A venda de polbo desenvolverase os días 22 e 23 de febreiro de 2025 e a desmontaxe dos postos levarase a cabo tras o peche da feira (ás 20:00 horas), debendo quedar a rúa libre ás 00:00 horas do día 24 de febreiro de 2025.



***En todo caso, as datas de ocupación tanto para a montaxe dos postos interiores como a montaxe dos postos tradicionais de polbo estarán supeditadas ás circunstancias sanitarias imperantes no momento de producirse a ocupación, as cales poden incidir, no seu caso, que a celebración da LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN se chegue a realizar nunha data alternativa á estipulada inicialmente nestas bases.***

## **5- PUBLICIDADE, PRAZOS DE PRESENTACIÓN E MODO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O Concello de Lalín publicará un anuncio no Perfil do Contratante que o Concello de Lalín ten aloxado na Plataforma de Contratación do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)) e na páxina web do Concello de Lalín ([www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)).

**O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratación do Concello de Lalín (se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil), excepto para os postos tradicionais de polbo que rematará o día 23 de febreiro de 2025.**

As interesadas presentarán a **súa solicitude nun sobre pechado (excepto para os postos tradicionais de polbo)** no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra). Esta solicitude deberá estar asinada pola propoñente ou pola súa representante, facendo constar o título do procedemento, nome da empresa, dirección, teléfono, fax e/ou correo electrónico, para os efectos das notificacións segundo o modelo que se insire como Anexo II. As solicitudes para os postos tradicionais de polbo presentaranse unicamente no modelo que se insire como anexo III.

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello de Lalín, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío no Servizo Oficial de Correos ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e comunicarlle ao órgano de contratación mediante *email* ao enderezo electrónico: [contratacion@lalin.gal](mailto:contratacion@lalin.gal). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Transcorridos, non obstante, 3 días naturais seguintes á dita data sen ser recibida a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.



Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias auténticas en calquera das modalidades expostas no artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No suposto de que queden postos vacantes, unha vez transcorridos os prazos de presentación, poderanse adxudicar a aquelas interesadas que presenten a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, sempre que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e por rigorosa orde de entrada.

## 6.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLAS INTERESADAS EN PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO.

### 1º POSTOS INTERIORES.

As solicitantes deberán presentar, **dentro dun sobre pechado**, co formato que figura como Anexo I (Modelo de sobre) a estas bases e no prazo indicado na cláusula precedente a seguinte documentación.

- Solicitude de posto interior, con arranxo ao modelo contido como Anexo II.
- Fotografía dos produtos que se van a vender (admítense catálogos promocionais sempre que inclúan fotografías dos mesmos). No caso de ter presentado fotografías en edicións anteriores e non variar os produtos ou postos, os solicitantes poderán facer constar este extremo co fin de que se incorporen as fotografías ao expediente actual.
- Copia do DNI do licitador, se se trata de empresario individual ou escritura de constitución, debidamente inscrita no rexistro e copia do CIF se se trata dunha persoa xurídica.
- Se se trata de persoa xurídica, certificación tributaria expedida pola AEAT acreditativa de estar dado de Alta no IAE.
- Se se trata de empresario individual, copia do xustificante de pagamento do último recibo de autónomos (o correspondente ao mes anterior ao da publicación destas bases), sempre que este último faga referencia ao epígrafe do IAE respecto do cal está dado de alta. No caso de que este dato non se reflita no recibo presentarase certificación tributaria expedida pola AEAT acreditativa de estar dado de Alta no IAE.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia.



## 2º/ POSTOS TRADICIONAIS DE POLBO.

As solicitantes deberán presentar, no prazo indicado na cláusula precedente, a seguinte documentación **(sen sobre)**:

- Solicitud de posto tradicional de polbo, con arranxo ao modelo contido como Anexo III.

- Xustificante de pagamento da “taxa de ocupación”, correspondente ao posto solicitado.

## 7.- VIXENCIA DAS AUTORIZACIÓNS E PAGAMENTO DAS TAXAS.

As autorizacións concédense única e exclusivamente para os días que se indican na cláusula 4 (tendo sempre en conta as circunstancias sanitarias vixentes) e en todo caso só para a LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN.

A taxa de ocupación correspondente a cada posto e resultante da oferta formulada polo solicitante, ingresarase na seguinte conta bancaria do Concello de Lalín: ES3520805429673110119045 ABANCA, con indicación explícita do nome da adxudicataria, DNI ou NIF e indicando expresamente “*Autorización instalación postos Feira do Cocido*”.

No caso de que se soliciten varios postos aboarse o importe correspondente ao número de postos solicitado, isto é o prezo por tipo de posto ofertado polo número de postos solicitados.

A adxudicataria poderá realizar o abono da taxa ofertada unha vez que sexa coñecedora da adxudicación do posto ou postos solicitados, **rematando o prazo para o abono da taxa de ocupación o día 19 de febreiro de 2025, excepto para os postos tradicionais de venta de polbo que rematará o día 20 de febreiro de 2025.** O Concello resérvase o dereito de ampliar os devanditos prazos, no caso de que fose preciso.

De non aboarse a taxa dentro do prazo establecido quedará extinguida e sen efecto a autorización, quedando a parcela a libre disposición do Concello.

No suposto de que o solicitante non poida desenvolver a súa actividade por causas alleas á súa responsabilidade, debidamente xustificadas, procederase á devolución da taxa.

## 8.- ADXUDICACIÓN.

O Concello de Lalín outorgará un número máximo de 43 postos interiores.



Os postos serán concedidos en función das ofertas económicas presentadas polas solicitantes, resultando adxudicatarias dos postos aquelas solicitantes que ofrezan os importes máis altos con respecto aos prezos de saída. No suposto de empate serán seleccionados aqueles que mellor se adapten aos criterios recollidos nas presentes bases e en último lugar atenderase ao criterio da orde de presentación de solicitude no Rexistro de Entrada, tendo prioridade as ofertas presentadas con máis antelación.

No caso de que algún solicitante obvie a oferta no modelo de solicitude entenderase que opta ao posto polo prezo de saída.

As participantes poderán solicitar máis dun posto interior, **facendo constar este extremo no modelo de solicitude que se inclúe como anexo núm. II.** En todo caso, non se poderán solicitar máis de 3 postos interiores.

A distribución dos postos dentro da carpa levarase a cabo polos Técnicos designados polo Concello, atendendo aos criterios previstos no Proxecto de Feira (distribución por sectores produtivos, harmonía estética do conxunto e garantía da seguridade). No proxecto de Feira inclúese unha simulación de distribución.

Os postos tradicionais de polbo outorgaranse unicamente para os emprazamentos previstos no Proxecto de Feira. En todo caso, non poderá solicitar máis dun posto de polbo nin para emprazamentos non previstos no Proxecto de Feira.

**En todo caso, o Concello resérvase o dereito de inadmitir aquelas solicitudes que teñan por obxecto actividades comerciais distintas ás previstas no Proxecto de Feira ou que non encaixen dentro da tipoloxía prevista. Tamén se inadmitirán aquelas solicitudes, que segundo as fotografías presentadas non garden harmonía estética co conxunto do Proxecto.**

**En todo caso establécese a seguinte distribución por sectores produtivos, con arranxo ao establecido no Proxecto de Feira:**

- **Cárnicas e derivados e alimentación** → 50% da ocupación da carpa: 22 postos.
- **Industria** → 30% da ocupación da carpa: 13 postos.
- **Artesanía** → 20% da ocupación da carpa: 8 postos.

Estas porcentaxes son estimadas e parten dos datos obtidos en edicións anteriores. Polo tanto, o reparto de postos realizarase con arranxo á distribución exposta anteriormente e indicada no Proxecto de Feira, podéndose integrar as vacantes en cada un dos sectores produtivos con solicitudes correspondentes a outro sector produtivo procurando, neste suposto, manter sempre unha distribución harmónica e coherente.





## 9.- PROCEDIMIENTO.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación administrativa, a Comisión de Valoración examinará a documentación aportada.

No caso de que se observasen defectos ou omisións emendables na documentación comunicarallo telefonicamente ou a través de correo electrónico ao interesado, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do Concello de Lalín e/ou na páxina web municipal ([www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)), concedéndose **un prazo non superior a tres días hábiles** para que os solicitantes os corrixan ou emenden ante a Comisión de Valoración.

Do actuado deixárase constancia nas actas que necesariamente deberán estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación, redactárase a listaxe de admitidos, excluíndose aqueles interesados que non presenten a documentación completa ou incumpran calquera das cláusulas das presentes bases.

A Comisión de Valoración elevaralle ao órgano competente a proposta de listaxe definitiva de solicitantes admitidas e excluídas para a súa aprobación. Unha vez aprobada, publicitarase no perfil do Contratante do Concello de Lalín e/ou na páxina web municipal ([www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)).

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada ao pagamento da taxa de ocupación, rematando o prazo para o abono da taxa de ocupación o día 19 de febreiro de 2025, salvo ampliación de prazo, e para os postos tradicionais de polbo que rematará o día 20 de febreiro de 2025.

De non aboarse a taxa dentro do prazo establecido quedará extinguida e sen efecto a autorización, quedando o posto libre a disposición do Concello.

**En todo caso, o Concello resérvase o dereito de inadmitir aquelas solicitudes que teñan por obxecto actividades comerciais distintas ás previstas no Proxecto de Feira ou que non encaixen dentro da tipoloxía prevista. Tamén se inadmitirán aquelas solicitudes, que segundo as fotos presentadas non garden harmonía estética co conxunto do Proxecto.**

No suposto de que queden postos vacantes, os interesados poderán presentar a solicitude, na forma prevista nestas bases, ata as 13:00 horas do día 21 de febreiro de 2025. Neste suposto, sen o xustificante de pagamento das taxas non será admitida ningunha solicitude. En todo caso, o Concello non garante esta posibilidade.



## 10.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

**PRESIDENTA:** Primeira Tenente de Alcalde (Suplente: Concelleiro Delegado de Obras e servizos)

**Vogais:**

- O Secretario Xeral. (SUPLENTE: Secretario/a accidental).
- A Interventora. (SUPLENTE: Interventora Accidental)
- Administrativa da Axenda Urbana (SUPLENTE: O Técnico Informático).

**Secretaria:** a Técnica de Contratación.(SUPLENTE: o Administrativo do Departamento de Contratación)

A Comisión de Valoración elevaralle ao órgano competente a proposta de adxudicación dos postos que procedan.

## 11.- OBRIGAS XERAIS.

As adxudicatarias quedan obrigadas ao cumprimento destas bases e das disposicións que lles afecten en materia de Seguridade Social, Policía Sanitaria, Manipulación de alimentos, Venda ambulante, etc. e todas aquelas ditadas por autoridade competente que lles resulten de aplicación. Así mesmo, as adxudicatarias quedan obrigadas a respectar as indicacións que lles dirixan tanto a Policía Local como os Inspectores e Persoal Municipal designado para o efecto.

**Deberán cumprirse de xeito especial as disposicións que poidan emanar das autoridades sanitarias, da Comunidade autónoma ou do Concello en canto á regulación da capacidade e demais disposicións en materia sanitaria que se poidan ditar polas autoridades competentes.**

En todo momento deberán ter a disposición a documentación acreditativa do pagamento da taxa por se lle fora requirida polo persoal do Concello, así como a documentación administrativa requirida nas presentes bases e toda aquela á que se fai referencia no *Proxecto de Feira*.

Con carácter concreto, os postos tradicionais de polbo (actividades de bares e similares) deberán cumprir con toda a normativa vixente en materia sanitaria en relación con este tipo de actividade. Así mesmo, os postos de venda e análogos, aos cales lles resulte de aplicación, deberán cumprir coa normativa vixente en materia de venda ambulante, así como exhibir e ter a disposición os documentos e distintivos esixidos pola lexislación vixente na materia.

Así mesmo, as adxudicatarias dos postos están obrigadas a respectar os elementos materiais que conforman o *stand* ou *stands* que se lle entreguen, cuxos elementos se describen pormenorizadamente no *Proxecto de Feira*.





Con este fin, por parte do Concello realizarase unha visita de inspección no momento en que estean os *stands* instalados, e previamente á súa ocupación. Na visita comprobarase o estado do conxunto, tomando fotografías de cada un dos *stands*. Posteriormente á celebración do evento e unha vez se atopen os *stands* libres, realizarase unha nova visita de comprobación, co obxecto de verificar o estado dos mesmos.

**En caso de deterioro dos *stands* ou do material que o conforman (que non sexa o derivado do seu normal uso), así como no caso de subtracción polo adxudicatario de calquera dos elementos que o conforman (material eléctrico, estantes, mostradores, etc) instruírse polo Concello o correspondente expediente sancionador, podéndose esixir a restitución do valor dos elementos deteriorados ou subtraídos, segundo a valoración dos mesmos efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal no Proxecto de Feira.**

**No caso de que non se cumpra con algún dos requisitos establecidos nestas bases ou na normativa (de calquera índole) que lle resulte de aplicación a este tipo de instalacións, a Policía Local procederá ao precintado do posto.**

## 12.- RÉXIME XURÍDICO.

Os termos da concesión axustaranse ás condicións que figuran nestas bases.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto nestas bases, e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade das cláusulas destas bases, así como do Proxecto de Feira, sen excepción ou reserva algunha.

Para o non previsto neste prego estarase ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pola Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, polo disposto na Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e demais lexislación concordante.



O Alcalde  
José Crespo Iglesias.

Revisado e Conforme  
A Técnica de Contratación  
Fátima Cortizo Seijas.

*(Documento asinado electronicamente á marxe)*



**Anexo I. Modelo de Sobre.**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NAS BASES QUE REGULAN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA LVIIª EDICIÓ DA FEIRA DO COCIDO.**

Expediente: **4507/2024**  
Presentado por.....  
Dirección.....  
Teléfono.....  
Fax.....  
Enderezo electrónico.....

.....de.....20...  
(Lugar, data e sinatura)



### Anexo II.- Solicitud de posto interior

<b>DATOS FISCAIS.</b>		
(Os que aparecen na Axencia Tributaria)		
Denominación Fiscal:	CIF/NIF:	Teléfono:
Enderezo Fiscal:		
Enderezo electrónico:		
Nome do representante:	NIF:	Teléfono:
Enderezo do representante:		

<b>DATOS COMERCIAIS.</b>		
Denominación Comercial:	Teléfono:	Enderezo electrónico:
Enderezo :		
Descrición da actividade e relación de produtos dedicados á venda: - - - -		
<b>Número de postos interiores solicitados .....</b> (indicar número ata un máximo de 3 postos interiores).		
No tocante ás fotografías dos produtos dedicados á venda: <b>(indicar cunha única X o que proceda):</b> <input type="checkbox"/> Acompaña as fotografías xunto con esta solicitude. <input type="checkbox"/> Remítese ás fotografías presentadas en edicións anteriores e declara que os produtos e/ou a estética non presentan variacións.		



D./Dña ..... , en nome propio ou en representación da empresa....., manifesta a súa vontade de participar no procedemento convocado para a "CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO", exp. **4507/2024 e ofrece un prezo de .....€ por posto interior.**

Así mesmo, designa como Responsable do posto interior durante os días da ocupación a:

Nome e Apelidos:	DNI:
Enderezo:	Tfno:

*Do mesmo xeito, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais así como de seguridade social que imponen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita. Así mesmo comprométese a manter o seu cumprimento durante a ocupación do espazo público.*

*Tamén declara dispoñer dunha póliza de Responsabilidade Civil por importe igual ou superior a 50.000 € e se compromete a tela en todo momento a disposición do Concello e a presentala no suposto de que lle sexa requirida, especialmente durante o tempo que dure a ocupación.*

Lalín.....de .....de 202..  
(sinatura)

**Información básica sobre Protección de Datos - Responsable do tratamento:** Concello de LALÍN. Praza Galicia, 1, 36500 Lalín (Pontevedra). **Finalidade do tratamento:** Xestión administrativa da recadación municipal no exercicio das funcións propias que ten atribuídas no ámbito das súas competencias e, en particular, para a atención de solicitude/s instada no presente documento. **Dereitos:** Pode exercitar gratuitamente os dereitos de Acceso, Rectificación, Portabilidade, Limitación do tratamento, Supresión o, en su caso, Oposición, conforme se indica na información adicional e detallada sobre protección de datos na nosa web (<https://www.lalin.gal/protecciondedatos>). No caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a "Axencia Española de Protección de Datos" ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).



### Anexo III.- Solicitud de posto tradicional de polbo

Nome e Apelidos / Denominación Social:	DNI/ NIF	Tfno:
Representante:	DNI	Tfno:
Domicilio:		
Enderezo electrónico:		
Localización do posto (sinalar cun x o enderezo que corresponda).	<input type="checkbox"/> Rúa Ramón Aller, a altura do nº 79 <input type="checkbox"/> Rúa Matemático Rodríguez, fronte a estatua de Loriga. <input type="checkbox"/> Rúa Pintor Laxeiro, a altura do nº 19 <input type="checkbox"/> Rúa "C", a altura do nº 24 <input type="checkbox"/> Rúa Areal, a altura do nº 18 <input type="checkbox"/> Rúa Areal, a altura do nº 29 <input type="checkbox"/> Rúa Areal, a altura do nº 66 <input type="checkbox"/> Rúa Molinera, a altura do nº 16 <input type="checkbox"/> Rúa Rosalía de Castro, a altura do nº 19 <input type="checkbox"/> Rúa Rosalía de Castro, a altura do nº 25 <input type="checkbox"/> Rúa "D", esquina praza da Marina <input type="checkbox"/> Rúa "D", a altura do nº 5 <input type="checkbox"/> Rúa Alcalde Ferreiro, a altura do nº 6 <input type="checkbox"/> Rúa "B", a altura do nº 34 <input type="checkbox"/> Rúa "B", a altura do nº 56 <input type="checkbox"/> Rúa Corredoira, a altura do nº 30	

D./Dña ....., en nome propio ou en representación da empresa....., manifesta a súa vontade de participar no procedemento convocado para a "CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO", exp. **4507/2024 e ofrece un prezo de .....€ por posto tradicional de polbo.**

Así mesmo, designa como Responsable do posto tradicional de polbo durante os días da ocupación a:

Nome e Apelidos:	DNI:
Enderezo:	Tfno:

*Do mesmo xeito, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais así como de seguridade social que imponen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita. Así mesmo comprométese a manter o seu cumprimento durante a ocupación do espazo público.*

*Tamén declara dispoñer dunha póliza de Responsabilidade Civil por importe igual ou superior a 50.000 € e se compromete a tela en todo momento a disposición do Concello e a presentala no suposto de que lle sexa requirida, especialmente durante o tempo que dure a ocupación.*

Lalín.....de .....de 202..  
(sinatura)

